

Podemos mellorar a linguaxe se:

Ofrecémoslle un modelo de fala correcto.

As nenas e os nenos aprenden por imitación, polo tanto:

-  Evitaremos unha fala infantilizada (popó, mimir, ma, pa ...)
-  Utilizaremos expresións axeitadas.
-  Evitaremos berrarles polos erros lingüísticos que cometan, que son normais na súa evolución, dándolles o modelo correcto, que bastará con repetila correctamente.
-  Cando cometen moitos erros, procuraremos intervir só no máis importante, evitando corrixilas/os continuamente, porque conseguiríamos que non falasen.
-  Cando non se lles entenda, poderemos finxir que non se lles oíu, e pedirémoslle que repitan amodo.
-  Evitaremos chamarlle a atención diante de outras persoas, ou rirnos polo xeito de se expresar.



Equipo de Educación Infantil
Especialista de Audición e Linguaxe

CONSELLOS PARA MELLORAR A FALA



No proceso de adquisición da linguaxe, a familia xoga un papel moí importante. A maneira en que lle falamos as nosas fillas e os nosos fillos, é fundamental para o desenvolvemento correcto da súa linguaxe. Segundo esta sexa axeitada ou non, poda determinar un desenvolvemento lingüístico máis acelerado, enlentecido ou retardado.

Á hora de cepillar os dentes:

Cun cepillo suave faremos masaxes dentro da boca e aproveitaremos para cepillar as moas, a lingua, a parte interna das meixelas, labios e padal. No enxuague poderán facerse gárgaras evitando tragar a auga.



Durante o baño:

Poderemos aproveitar para facer espuma e soprar desprazar e mover a auga simulando as ondas do mar. Se non empregamos xabón, poderemos botar auga pola boca como se fose unha fonte.



No peiteado:

Diante do espello poderemos facer xestos coa boca : sorrir, dicir: “a, o, u” y “a, e i”, esaxerando moito os movementos dos labios, abrir a boca coma se bocexáramos, darnos bicos no espello, poñer cara de susto,



Nas comidas:

Importante que mastiguen ben, para iso é preciso tomar alimentos sólidos, mastigar con calma antes de tragar .



Que podemos facer dende a casa:

Falar correctamente non é doado, as veces non chega con repetirlle ben unha palabra, por moitas veces que o fagamos. Precisan unha certa maduración dos órganos fonadores, se os hábitos alimenticios son correctos, haberá que fortalecer a musculatura da fala, neste aspecto é onde o traballo familiar pode ser máis importante.

Mantemos “**hábitos incorrectos**” na alimentación con biberón (a partir dos 18 meses), a partires dos 3 anos na alimentación a base de líquidos e papillas cando deberían de mastigar sólidos, o chupeteo dos dedos, o uso de tetinas ou chupetes .

